

AVG | culturagalega.org

A Carga

[Guión : Carlos Amil, a partires dun conto popular italiano]

1. Eira Casa Mingos ext./día

MINGOS chega derreado, cargando ás costas con dous sacos de fariña e un de arroz. Deixa a carga a carón da nai, que está pelando unha pataca cunha culler.

MINGOS.

"¡Ai, mamaíña! Dóeme todo o corpo, pero o que máis os brazos, as pernas, a cabeza, os cadrís, o lombo, o cú..."

LOLECHA.

"¡Abonda, fillo! Non me das pena ningunha, que tal cousa pásache porque ti queres."

MINGOS

"Si, ho, porque quero... ¡Coma se eu fose parvo!"

LOLECHA.

"Daquela é que estás cego, meu. ¿Seica non viches os carretos?"

MINGOS.

"¿Os que teñen dúas rodas?"

LOLECHA.

" Eses. "

MINGOS.

"Ben que cho pensei, pero se subía eu, ¿quen había tirar do carreto?"

LOLECHA.

"¡O que tes que poñer no carreto é a carga! ¿A quen sairías, santiño?"

LOLECHA.

(segue a pelar a pataca coa culler.)

" A próxima vez que vaias á feira, colles un carreto, ¿entendido? "

MINGOS.

" Si, mamá. "

LOLECHA.

" Agora, fagamos as contas. "

MINGOS.

" Vou dentro coller un lápis. "

MINGOS.

(MINGOS entra na casa e sae ó pouco.)

" Non atopo o lápis. "

LOLECHA.

" Pois vai mercalo á feira, que teño que escribir unhas letras. ¡Bule! "

MINGOS marcha. LOLECHA métese na casa e sae cunha pataca na man. Pélaa coa culler. Métese na casa e saca outra pataca. Pélaa. Métese na casa, e sae con outra pataca. Pélaa. Escoita un estrondo e mira para onde vén.

MINGOS.

(regresa tirando dun carrito no que está o lápis.)

LOLECHA.

" ¿Qué traes aí, filliño? "

MINGOS

" *¿Que había traer? O lápis.* "

LOLECHA.

" ¿Para un lápis precisas un carrito? "

MINGOS.

" ¿Non me dixeches que cando fose á feira collese un carrito? "

LOLECHA.

(métese na casa e sae cunha pataca na man. Pélaa.)

" ¿A quen sairías, santiño, a quen? Porque ti da raza non es... "



Consello da Cultura Galega. (www.consellodacultura.org)
Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 0034981569020 / Fax : 0034981569020
E-mail: redacción@culturagalega.org